



XUNTA DE GOBERNO

**SESION ORDINARIA DE VINTE E UN DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO
(ACTA NÚMERO 52)**

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Álvaro Santos Ramos

D. Pablo Rivera Capón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D^a. Mayra García Bermúdez

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e un de decembro de dous mil dezaoto**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os Sres. Deputados D. Lino Rodríguez Ónega e D. Eduardo Vidal Baamonde.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATORCE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catorce de decembro de dous mil dezaoto, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE TRABADA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5506 “AUGAXOSA (LU-P-2801)- TRABADA (LU-132)”, P.K. 4+220 AL 7+220.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

“Informe do Servizo de Contratación e Fomento en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra de: TRABADA.-Rehabilitación de firme LU-P-5506 "Augaxosa (LU-P-2801)-Trabada (LU-132)",P.K. 4+220 al 7+220.

Antecedentes

I. Acordo Plenario do 31 de outubro de 2017, polo que se aproba o Plan Extraordinario de Rehabilitación de Firms de Vías Provinciais 2017-2019 (PERF 2017/19)



II. *Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras de: TRABADA.-Rehabilitación de firme LU-P-5506 "Augaxosa (LU-P-2801)-Trabada (LU-132)",P.K. 4+220 al 7+220.*

III. *Documento xustificativo da necesidade da contratación.*

IV. *Orde de inicio de procedemento de contratación*

V. *Solicitud de consignación orzamentaria á Intervención Provincial.*

VI. *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborados polo Servizo de Contratación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.*

VII. *Memoria xustificativa*

VIII. *Informe de necesidades de recursos humanos e materiais para a execución da obra.*

Lexislación aplicable

– *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)*

– *Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).*

– *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*

– *Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*

– *Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.*

– *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.*

– *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*

– *Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.*

- *Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).*
- *Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas*
- *Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.*
- *Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)*
- *Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello*
- *Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.*

Consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra TRABADA.-Rehabilitación de firme LU-P-5506 "Augaxosa (LU-P-2801)-Trabada (LU-132)", P.K. 4+220 al 7+220.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato de obras recollido no artigo 13 LCSP, que establece que: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación

co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos, xunto con informe específico do Servizo de Vías e Obras.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) y 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo artigo 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctanse debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Doutra banda e consonte ao establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no informe da intervención xeral, de data 08/11/2018 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 4530.61955 por importe de 167.230,00 €, do vixente orzamento xeral.

Incorporase ao expediente o correspondente estudo de custes, precisando os custes directos e indirectos.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Servizo de Vías e Obras, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 6 meses, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución.

Na Acta de reformulo previo estendida con data 31 de outubro de 2018, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras a que se refire a acta unicamente será precisa a dos terreos de dominio público correspondentes á vía provincial obxecto das obras.

De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención. Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, e que figura no apartado B do cadro resumo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito

Visto así mesmo a conformidade do Secretario Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobado inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: TRABADA.-Rehabilitación de Firme LU-P-5506 "Augaxosa (LU-P-2801)-Trabada (LU-132)", P.K. 4+220 al 7+220, sometelo a información pública

por espazo de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 167.230,00 €, dos cales 29.023,39 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA ADXUDICACIÓN DA OBRA DE XERMADE.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2201 “CANDAMIL (LU-861)-XERMADE – PEDRÓN (LU-P-6513)”, P.K. 0+000-2+285, LU-P-2202 “PEDREIRA (LU-861)-CASANOVA (LU-540A), P.K. 0+030-1+920 E LU-P-2206 “ROUPAR(LU-540A)-LOUSADA-VILAPEDRE (LU-P-6503)”, P.K. 1+900 - 5+255.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(...

Por acordo da Xunta de Goberno de data 07 de setembro de 2018, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 291.853,66 €, dos cales 50.652,29€ corresponden ao IVE, correspondente á obra: XERMADE.- rehabilitación de firme LU-P-2201 "Candamil (LU-861) - Xermade- Pedrón (LU-P-6513)", PK 0+000 - 2+285, LU-P-2202 "Pedreira (LU-861)-Casanova (LU-540A)", PK 0+030 - 1+920 e LU-P-2206 "Roupar (LU-540A)-Lousada-Vilapedre (LU-P-6503)", PK 1+900 - 5+255.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 20 de setembro de 2018, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 29 de outubro de 2018 deuse conta do informe da Unidade de Rexistro, no que constan as empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas á contratación, e do Informe do Servizo de Contratación en relación á presentación en prazo das ofertas recibidas para a obra XERMADE.- rehabilitación de firme LU-P-2201 "Candamil (LU-861) - Xermade- Pedrón (LU-P-6513)", PK 0+000 - 2+285, LU-P-2202 "Pedreira (LU-861)-Casanova (LU-540A)", PK 0+030 - 1+920 e LU-P-2206 "Roupar (LU-540A)-Lousada-Vilapedre (LU-P-6503)", PK 1+900 - 5+255, segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 20 de setembro de 2018. A mesa acordou, por unanimidade, aceptar ditos informes na súa integridade e en consecuencia facelos seus, uníndose á Acta, e admitindo ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame da documentación administrativa (sobre 1) presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma acordouse, por unanimidade, aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do sobre "2", contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

XERMADE.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2201 "CANDAMIL (LU-861) - XERMADE- PEDRÓN (LU-P-6513)", PK 0+000 - 2+285, LU-P-2202 "PEDREIRA (LU-861)-CASANOVA (LU-540A)", PK 0+030 - 1+920 E LU-P-2206 "ROUPAR (LU-540A)-LOUSADA-VILAPEDRE (LU-P-6503)", PK 1+900 - 5+255 (EX022OB-PERF 17/19-AB)

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

291.853,66	
241.201,37	50.652,29
NO	DE IVE (partida independente)

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

6

MAXIMO

12.060,07

MELLORAS			
IMP. SIN IVE	IMP. CON IVE		
25,38	36,54		
IMP. GX e BI	30,20		



EMPRESAS / (GRUPO)			(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)		(C) P. DIVULGACIÓ N (5)	CRITERIO DESEMPATE	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B)
			PREZO (IVE incluído .- art 102)	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	€/M // CUSTE (€) menos % baixa	Oferta (sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado	Plantel / Minusválidos			
					36,54			%	%	
1	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	248.776,00 €	0,00	0,00	0,00 €	44/1	85,24%	14,76%	248.776,00 €
2	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	291.852,00 €	925,00	33.799,50	12.060,00 €	181/4	100,00%	0,00%	258.052,50 €
3	GRUPO BASCUAS 2008 SL		259.020,11 €	240,00	7.783,02	1.797,05 €	85/1	88,75%	11,25%	251.237,09 €
4	EXCAVACIONS SANTIÑOS SL	B	284.556,91 €	1.500,00	53.439,75	10.000,00 €	9/0	97,50%	2,50%	231.117,16 €
5	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	B	218.772,84 €	10,00	273,90	100,00 €	50/2	74,96%	25,04%	218.498,94 €
6	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	C	227.375,00 €	0,00	0,00	1.198,35 €	188/3	77,91%	22,09%	227.375,00 €
7	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	C	238.186,00 €	246,31	7.345,04	1.198,35 €	11/0	81,61%	18,39%	230.840,96 €
8	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		217.897,94 €	0,00	0,00	200,00 €	9/0	74,66%	25,34%	217.897,94 €
9	HORDESCÓN SL		278.632,69 €	27,00	941,89	603,31 €	17/0	95,47%	4,53%	277.690,80 €
10	CHOLO SL		259.311,98 €	280,00	9.090,42	2.894,41 €	22/2	88,85%	11,15%	250.221,56 €

Pola mesa observouse que algunhas das ofertas non inclúen no prezo o IVE, senón que distinguen entre base e importe de IVE en apartados separados. A mesa acordou aceptar as ofertas efectuando no mesmo acto a operación matemática que permite obter o prezo de acordo co establecido no artigo 102 da LCSP (IVE incluído). Este dato cotéxase como consecuencia dunha simple operación matemática e ademais o IVE correspondente ao prezo real constátase co exemplo que segue: (prezo 100.000,00; IVE: 21.000,00; o prezo segundo o artigo 102 LCSP sería 121.000,00). (Este razoamento é extensible ao resto de obras incorporadas á orde do día desta Mesa de contratación).

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA (A-B)
			Oferta
1	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	248.776,00 €
2	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	258.052,50 €
3	GRUPO BASCUAS 2008 SL		251.237,09 €
4	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	B	231.117,16 €
5	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	B	218.498,94 €
6	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	C	227.375,00 €
7	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	C	230.840,96 €
8	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		217.897,94 €
9	HORDESCÓN SL		277.690,80 €
10	CHOLO SL		250.221,56 €

MEDIA	NOVA MEDIA
241.671,05	

BAIXA TEMERARIA	NOVA BAIXA
217.503,94	

10% ARRIBA
265.838,15

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU
EXCAVACIONES SANTIÑOS SL
EXPLOTACIONES GALLEGAS SL

Á vista do anterior, observándose que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, realizouse a valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 10 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (m pavimento e sinalizar)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	248.776,00 €	43,69	0,00	0,00	0,00 €	0,00	43,69
2	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	291.852,00 €	0,00	925,00	12,33	12.060,00 €	5,00	17,33
3	GRUPO BASCUAS 2008 SL		259.020,11 €	33,30	240,00	3,20	1.797,05 €	0,75	37,25
4	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	B	284.556,91 €	7,40	1.500,00	20,00	10.000,00 €	4,15	31,55
5	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	B	218.772,84 €	74,11	10,00	0,13	100,00 €	0,04	74,28
6	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	C	227.375,00 €	65,39	0,00	0,00	1.198,35 €	0,50	65,89
7	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	C	238.186,00 €	54,43	246,31	3,28	1.198,35 €	0,50	58,21
8	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		217.897,94 €	75,00	0,00	0,00	200,00 €	0,08	75,08
9	HORDESCÓN SL		278.632,69 €	13,41	27,00	0,36	603,31 €	0,25	14,02
10	CHOLO SL		259.311,98 €	33,00	280,00	3,73	2.894,41 €	1,20	37,93

Á vista do anterior, a Mesa, por unanimidade, acordou que se eleve ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 21 de novembro de 2018 adoptouse a seguinte Resolución:

“(…)

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormais de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		75,08
2	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	B	74,28
3	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	C	65,89
4	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	C	58,21
5	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	43,69
6	CHOLO SL		37,93
7	GRUPO BASCUAS 2008 SL		37,25
8	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	B	31,55
9	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	17,33
10	HORDESCÓN SL		14,02

Requirir ao contratista Canteras Isidro Otero SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras”.

Por escrito de data 27 de novembro de 2018 foi requirida a mercantil Canteras Isidro Otero SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 9.004,05 euros; documentación que foi achegada en tempo e forma.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez fiscalizado o gasto polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra XERMADE.- rehabilitación de firme LU-P-2201 "Candamil (LU-861) - Xermade- Pedrón (LU-P-6513)", PK 0+000 - 2+285, LU-P-2202 "Pedreira (LU-861)-Casanova (LU-540A)", PK 0+030 - 1+920 e LU-P-2206 "Roupar (LU-540A)-Lousada-Vilapedre (LU-P-6503)", PK 1+900 - 5+255, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 07 de setembro de 2018, á mercantil CANTERAS ISIDRO OTERO SL, representada por D. Isidro Otero Bello, no prezo de 217.897,94€ dos cales 37.817,00€ son de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do Prego de CAP de 0 metros; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 200,00 € e 42,00 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

E canto procede informar, sen prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito”.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra XERMADE.- rehabilitación de firme LU-P-2201 "Candamil (LU-861) - Xermade- Pedrón (LU-P-6513)", PK 0+000 - 2+285, LU-P-2202 "Pedreira (LU-861)-Casanova (LU-540A)", PK 0+030 - 1+920 e LU-P-2206 "Roupar (LU-540A)-Lousada-Vilapedre (LU-P-6503)", PK 1+900 - 5+255, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 07 de setembro de 2018, á mercantil CANTERAS ISIDRO OTERO SL, representada por D. Isidro Otero Bello, no prezo de 217.897,94€ dos cales 37.817,00€ son de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP de 0 metros; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 200,00 € e 42,00 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA ADXUDICACIÓN DA OBRA DE ABADIN.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0107 “ABADÍN (N-634)-FANOI”, P.K.0+000-2+260 E LU-P-0110 “FOXAS (N-634)-ALDIXE”, P.K. 0+000 -0+817.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(...

Por acordo da Xunta de Goberno de data 07 de setembro de 2018, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 172.546,93 €, dos cales 29.946,16€ corresponden ao IVE, correspondente á obra: ABADÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-0107 “ABADÍN (N-634)-Fanoi”, PK 0+000 - 2+260 e LU-P-0110 “Foxas (N-634)-Aldixe”, PK 0+000 - 0+817.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 20 de setembro de 2018, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 29 de outubro de 2018 deuse conta do informe da Unidade de Rexistro, no que constan as empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas á contratación, e do Informe do Servizo de Contratación en



relación á presentación en prazo das ofertas recibidas para a obra ABADÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-0107“ABADÍN (N-634)-Fanoi”, PK 0+000 - 2+260 e LU-P-0110 “Foxas (N-634)-Aldixe”, PK 0+000 - 0+817, segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 20 de setembro de 2018. A mesa acordou, por unanimidade, aceptar ditos informes na súa integridade e en consecuencia facelos seus, uníndose á Acta, e admitindo ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame da documentación administrativa (sobre 1) presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma acordouse, por unanimidade, aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do sobre “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

ABADÍN.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0107 “ABADÍN (N-634)-FANOI”, PK 0+000 - 2+260 E LU-P-0110 “FOXAS (N-634)-ALDIXE”, PK 0+000 - 0+817 (EX0010B-PERF 17/19-AB)

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

172.546,93
142.600,77
29.946,16

DE IVE
(partida
independente)

VALOR ESTIMADO

MELLORAS			
IMP. SIN IVE	25,89	IMP CON IVE	37,28
IMP. GX e BI	30,81		

CLASIFICACION EXIGIDA:

NO

PRAZO DE EXECUCION:

6

MAXIMO
7.130,04

EMPRESAS / (GRUPO)			(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)		(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B)	
			PREZO (IVE incluído .- art 102)	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	€/M // CUSTE (€) menos % baixa	Oferta (sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado	Plantel / Minusválidos				
					37,28			%	%		
1	DESARROLLOS Y METAS SL			142.175,00 €	95,00	2.918,28	150,00 €	22/0	82,40%	17,60%	139.256,72 €
2	HEBLATRI SL		A	152.704,03 €	180,00	5.938,70	3.305,79 €	-/-	88,50%	11,50%	146.765,33 €
3	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		A	153.566,76 €	150,00	4.976,88	3.305,79 €	-/-	89,00%	11,00%	148.589,88 €
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL			142.782,58 €	213,00	6.570,88	1.637,01 €	85/1	82,75%	17,25%	136.211,70 €
5	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL		B	136.974,00 €	55,54	1.643,59	713,00 €	188/3	79,38%	20,62%	135.330,41 €
6	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL		B	139.834,00 €	108,64	3.282,20	743,80 €	11/0	81,04%	18,96%	136.551,80 €
7	HORDESCÓN SL			165.783,09 €	65,00	2.328,21	814,88 €	17/0	96,08%	3,92%	163.454,88 €
8	CHOLO SL			144.508,06 €	161,00	5.026,74	1.426,01 €	22/2	83,75%	16,25%	139.481,32 €
9	CANTERAS ISIDRO OTERO SL			123.181,25 €	0,00	0,00	200,00 €	9/0	71,39%	28,61%	123.181,25 €

Pola mesa observouse que algunhas das ofertas non inclúen no prezo o IVE, senón que distinguen entre base e importe de IVE en apartados separados. A mesa acordou aceptar as ofertas efectuando no mesmo acto a operación matemática que permite obter o prezo de acordo co establecido no artigo 102 da LCSP (IVE incluído). Este dato cotéxase como consecuencia dunha simple operación matemática e ademais o IVE correspondente ao prezo real constátase co exemplo que segue: (prezo 100.000,00; IVE: 21.000,00; o prezo segundo o artigo 102 LCSP sería 121.000,00). (Este razoamento é extensible ao resto de obras incorporadas á orde do día desta Mesa de contratación).

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA (A-B)
			Oferta
1	DESARROLLOS Y METAS SL		139.256,72 €
2	HEBLATRI SL	A	146.765,33 €
3	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	A	148.589,88 €
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL		136.211,70 €
5	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	135.330,41 €
6	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	136.551,80 €
7	HORDESCÓN SL		163.454,88 €
8	CHOLO SL		139.481,32 €
9	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		123.181,25 €

MEDIA	NOVA MEDIA
140.525,94	116.174,25

BAIXA TEMERARIA	NOVA BAIXA
126.473,35	104.556,82

10% ARRIBA
154.578,54

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL
EXPLOTACIONES GALLEGAS SL

A vista do anterior, observándose que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, realizouse a valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 10 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	DESARROLLOS Y METAS SL		142.175,00 €	46,14	95,00	8,92	150,00 €	0,23	55,29
2	HEBLATRI SL	A	152.704,03 €	30,15	180,00	16,90	3.305,79 €	5,00	52,05
3	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	A	153.566,76 €	28,84	150,00	14,08	3.305,79 €	5,00	47,92
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL		142.782,58 €	45,22	213,00	20,00	1.637,01 €	2,48	67,70
5	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	136.974,00 €	54,05	55,54	5,22	713,00 €	1,08	60,35
6	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	139.834,00 €	49,70	108,64	10,20	743,80 €	1,12	61,02
7	HORDESCÓN SL		165.783,09 €	10,28	65,00	6,10	814,88 €	1,23	17,61
8	CHOLO SL		144.508,06 €	42,60	161,00	15,12	1.426,01 €	2,16	59,88
9	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		123.181,25 €	75,00	0,00	0,00	200,00 €	0,30	75,30

A vista do anterior, a Mesa, por unanimidade, acordou que se eleve ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 21 de novembro de 2018 adoptouse a seguinte Resolución:

“(…)

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormais de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		75,30
2	GRUPO BASCUAS 2008 SL		67,70
3	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	61,02
4	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	60,35
5	CHOLO SL		59,88
6	DESARROLLOS Y METAS SL		55,29
7	HEBLATRI SL	A	52,05
8	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	A	47,92
9	H0RDESCÓN SL		17,61

Requirir ao contratista Canteras Isidro Otero SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras”.

Por escrito de data 27 de novembro de 2018 foi requirida á mercantil Canteras Isidro Otero SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 5.090,13 euros; documentación que foi achegada en tempo e forma.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez fiscalizado o gasto polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra ABADÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-0107“ABADÍN (N-634)-Fanoi”, PK 0+000 - 2+260 e LU-P-0110 “Foxas (N-634)-Aldixe”, PK 0+000 - 0+817conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 07 de setembro de 2018, á mercantil Canteras Isidro Otero SL.,representada por D. Isidro Otero Bello, no prezo de 123.181,25€ dos cales 21.378,56€ son de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP de 0 metros; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 200,00 € e 42,00 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

E canto procede informar, sen prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito”.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra ABADÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-0107“ABADÍN (N-634)-Fanoi”, PK 0+000 - 2+260 e LU-P-0110 “Foxas (N-634)-Aldixe”, PK 0+000 - 0+817, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 07 de setembro de 2018, á mercantil CANTERAS ISIDRO OTERO SL, representada por D. Isidro Otero Bello, no prezo de 123.181,25€ dos cales 21.378,56€ son de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do Prego de CAP de 0 metros; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 200,00 € e 42,00 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Requerir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E O EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO DA CERTIFICACIÓN DO SERVIZO DE NOVAS TECNOLOXÍAS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, BAIXO A NORMA UNE-ISO/IEC 20000-1:2011 “TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN, XESTIÓN DO SERVIZO. PARTE 1: REQUISITOS DO SISTEMA DE XESTIÓN DO SERVIZO (SGS)”.

Logo de ver a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

“Antecedentes

Visto o Informe Xurídico - Administrativo, no que se recollen as seguintes consideracións:

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do mantemento da certificación do servizo de novas tecnoloxías da Deputación Provincial de Lugo baixo a norma UNE_ISO/IEC 20000-1:2011 “Tecnoloxías da información. Xestión do Servizo. Parte 1: Requisitos do sistema de xestión do servizo/SGS)”.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP, ao conformar o obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLC, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto simplificado “sumario”, (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre

competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención a posibilidade que a estes efectos establece o artigo 159.6 da LCSP para contratos de servizos de valor estimado inferior a 35.000 euros.

En consideración ao indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativos e de prezo) reflíctanse, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP, se xustifica a non división por lotes porque, tal e como se detalla no Informe, emitido a tal efecto, relativo á separación en lotes da contratación do mantemento da certificación do servizo de novas tecnoloxías da Deputación Provincial de Lugo baixo a norma UNE_ISO/IEC 20000-1:2011 “Tecnoloxías da información. Xestión do Servizo. Parte 1: Requisitos do sistema de xestión do servizo/SGS)”. (2004/0048/STI/01), como se indica que os traballos a realizar forman parte dun mesmo servizo e que non se poden dividir nin separar.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no Informe certificación da intervención xeral, de data 7 de decembro do 2018, financiaranse con cargo ao orzamento provincial, por un importe total de 11.600,00 €, repartido nas anualidades 2019 e 2020.

ANUALIDADE	IMPORTE
2019	5.800,00
2020	5.800,00
SUMA	11.600,00

Existe informe do Servizo de novas tecnoloxías, no que se recolle que a valoración dos servizos a contratar foi realizada en base aos prezos actuais de mercado.

O procedemento contractual tramítase na modalidade de gasto anticipado, de conformidade co previsto no artigo 117.2 e a D. A. 3ª da LCSP, posto que a súa execución comezará no exercicio de 2019.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades de 2019 e 2020 as cantidades indicadas, nas aplicacións correspondentes.

As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan no Informe do servizo de novas tecnoloxías que forma parte do expediente.

O prazo de execución será de dous anos, prorrogables por por dous máis un a un. Este prazo empezará a contar desde o día seguinte á sinatura da acta de inicio da prestación do servizo ou, no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do contrato.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2012); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do mantemento da certificación do servizo de novas tecnoloxías da Deputación Provincial de Lugo baixo a norma UNE_ISO/IEC 20000-1:2011 “Tecnoloxías da información. Xestión do Servizo. Parte 1: Requisitos do sistema de xestión do servizo /SGS)”. (2004/0048/STI/01).

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado sumario regulado no artigo 159.6 da LCSP, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobar o gasto, como de tramitación anticipada, ao iniciarse a súa execución no exercicio 2019, de conformidade co establecido no artigo 117.2 da LCSP en relación coa súa Disposición Adicional terceira, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financien á contratación (provinciais e municipais).

Segundo o informe de Intervención de data 7 de novembro de 2018, o contrato financiarase de acordo ás seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2019	5.800,00
2020	5.800,00
SUMA	11.600,00

O financiamento das anualidades do 2019 e 2020 queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2019 a cantidade de 5.800,00 € e nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade de 5.800,00 €”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E O EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DA RENOVACIÓN DAS LICENCIAS DE SOFTWARE ANTIVIRUS PARA EQUIPOS DE POSTOS DE TRABAJO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes

Visto o Informe Xurídico - Administrativo, no que se recollen as seguintes consideracións:

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do subministro da renovación das licencias de software antivirus para equipos de postos de traballo da Deputación de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, de acordo co artigo 16.3.b) ao ter por obxecto a adquisición de equipos e sistemas.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLC, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto simplificado “sumario”, (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención a posibilidade que a estes efectos establece o artigo 159.6 da LCSP para contratos de subministración de valor estimado inferior a 35.000 euros.

En consideración ao indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativos e de prezo) reflíctanse, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP, se xustifica a non división por lotes porque, tal e como se detalla no Informe, emitido ao efecto, posto que se trata de un subministro de un único produto: licenzas de software Panda Security Cloud Fusión.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no Informe certificación da intervención xeral, de data 7 de decembro do 2018, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 9200.216, por un importe total de 22.022,00 €, repartido nas anualidades 2019 e 2020.



ANUALIDADE	IMPORTE
2019	11.011,00
2020	11.011,00
SUMA	22.022,00

Existe Informe do Servizo de novas tecnoloxías sobre xustificación de prezos para a contratación, no que se recolle que a valoración dos subministración a contratar foi realizada en base aos prezos actuais de mercado.

O procedemento contractual tramítase na modalidade de gasto anticipado, de conformidade co previsto no artigo 117.2 e a D. A. 3ª da LCSP, posto que a súa execución comezará no exercicio de 2019.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades de 2019 e 2020 as cantidades indicadas, nas aplicacións correspondentes.

As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan no Informe do servizo de novas tecnoloxías que forma parte do expediente.

O prazo de execución será de dous anos, prorrogables por un máis. Este prazo empezará a contar desde o día seguinte á sinatura da acta de inicio da prestación do subministro ou, no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do contrato.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto

legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Reglamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2012); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

Aprobar a contratación do subministro da renovación das licencias de software antivirus para equipos de postos de traballo da Deputación de Lugo.

Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado sumario regulado no artigo 159.6 da LCSP, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

Aprobar o gasto, na modalidade de tramitación anticipada, ao iniciarse a súa execución no exercicio 2019, de conformidade co establecido no artigo 117.2 da LCSP en relación coa súa Disposición Adicional terceira, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financien á contratación (provinciais e municipais).

Segundo o informe de Intervención de data 7 de novembro de 2018, o contrato financiarase de acordo ás seguintes anualidades:

<i>ANUALIDADE</i>	<i>IMPORTE</i>
<i>2019</i>	<i>11.011,00</i>
<i>2020</i>	<i>11.011,00</i>
<i>TOTAL</i>	<i>22.022,00</i>

O financiamento das anualidades do 2019 e 2020 queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2019 a cantidade de 11.011,00 € e nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade de 11.011,00 €”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE GUITIRIZ E RIBAS DE SIL SOLICITANDO PRÓRROGA PARA O PRAZO DE ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Guitiriz e Ribas de Sil, no que solicitan prórroga para a adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Único de Cooperación Cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 31 de outubro de 2018.

As Alcaldías dos concellos indicados solicitan unha prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, polos motivos e prazos que se sinalan:

Concello de Guitiriz:

O concello de Guitiriz incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

GUITIRIZ	102	IDENTIFICACIÓN	OBRAS DE MANTENIMENTO NO CAMIÑO DE ACCESO A PARROQUIA DE SANTA LOCAIA DE PARGA: DENDE PR-21-01 A EIREXE, P.K. 0+000 - 0+700				
		FINANCIACIÓN	32.705,20	0,00	32.705,20		X
	103	IDENTIFICACIÓN	OBRAS DE MANTENIMENTO NO CAMIÑO DE ACCESO A PARROQUIA DE SANTA CRUZ DE PARGA E SAN SALVADOR DE PARGA: CAMIÑO DENDE PR-23-06 Á LU-170 E CAMIÑO A BASCUAS, P.K 0+000 - 0+800				
		FINANCIACIÓN	123.264,76	19.237,80	142.502,56		X
	104	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DO PAVIMENTO DO PAVILLÓN MUNICIPAL				
		FINANCIACIÓN	80.291,50	0,00	80.291,50		X
	105	IDENTIFICACIÓN	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO PARQUE INFANTIL SETE MUIÑOS				
		FINANCIACIÓN	77.020,50	322,41	77.342,91		X
	106	IDENTIFICACIÓN	SUBMINISTROS PARA POSTO DE MANDO AVANZADO EMERXENCIAS DE GUITIRIZ				
		FINANCIACIÓN	3.110,91	0,00	3.110,91		X

A Alcaldía do Concello de Guitiriz, a través de escrito de data 17 de decembro de 2018, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos



investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ...non nos foi posible cumprir o prazo de adxudicación, ente outras cousas, polas autorizacións sectoriais (Confederación hidrográfica do Miño-Sil e Deputación Provincial de Lugo (...)) ” ata os prazos que se sinalan:

INVESTIMENTO		PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN	
103	OBRAS DE MANTEMENTO NO CAMIÑO DE ACCESO A PARROQUIA DE SANTA CRUZ DE PARGA E SAN SALVADOR DE PARGA: CAMIÑO DENDE PR-23-06 Á LU-170 E CAMIÑO A BASCUAS, P.K 0+000 - 0+800	31-03-2019
105	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO PARQUE INFANTIL SETE MUÍÑOS	31-03-2019
104	MELLORA DO PAVIMENTO DO PAVILLÓN MUNICIPAL	21-12-2018

Concello de Ribas de Sil:

O concello de Ribas de Sil incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

RIBAS DE SIL	242	IDENTIFICACIÓN	SUBSTITUCIÓN DE TUBERÍAS DE IMPULSIÓN E DISTRIBUCIÓN EN SAN CLODIO. TRAMO PUMARES-DEPÓSITO NOVO, INCLUIDO HONORARIOS				
		FINANCIACIÓN	57.895,28	9.456,30	67.351,58	X	
	243	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN DUNHA NAVE E GASTOS RELATIVOS Á COMPRA INCLUIDOS				
		FINANCIACIÓN	75.000,00	0,00	75.000,00		X
	244	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO DIVERSO, (MOTOSERRA, PICADOR, CORTACÉSPED, TALADROS, ANDAMIOS, ETC) PARA BRIGADA DE OBRAS DO CONCELLO E PROTECCIÓN CIVIL				
		FINANCIACIÓN	5.142,50	0,00	5.142,50		X

A Alcaldía do Concello de Ribas de Sil, a través de escrito de data 13 de decembro de 2018, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ...algunhas das naves que puideran interesar ó Concello ten problemas de documentación, se decide pospoñer a saída das bases para que tódalas naves interesadas poidan presentar a súa oferta (...) ” ata os prazos que se sinalan:

INVESTIMENTO		PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN	
243	ADQUISICIÓN DUNHA NAVE E GASTOS RELATIVOS Á COMPRA INCLUÍDOS	30-06-2019

En relación con estas solicitudes das alcaldías dos Concellos de Guitiriz e Ribas de Sil, e tendo en conta os motivos que aduce, cabe admitir a solicitude de prórroga, en virtude do establecido no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, (aplicable por analoxía e supletoriamente segundo o previsto na propia base 13 e de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei xeral de subvencións) que determina que transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada, trámite que non se levou a cabo nestas datas.

Doutra banda, e como argumento xeral aplicable, e reafirmando esta interpretación, o artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre o cumprimento de trámites, na ordenación do procedemento, establece, en coincidencia co previsto no artigo 76.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, (derrogada), que os interesados que non dean satisfacción ao cumprimento dos trámites que lles corresponde, poderá declarárselles decaídos no seu dereito a ese trámite concreto. Non obstante, admitirase a actuación e producirá efectos legais, si se produciran antes ou dentro do día que se notifique a resolución no que se teña por transcorrido o prazo. Neste caso concreto non se iniciou o trámite de declaración da perda do dereito ao trámite de adxudicación das obras incluídas no Plan Único de Cooperación 2018, e polo tanto debe entenderse que a actuación por iniciativa propia de solicitude de prórroga do prazo de adxudicación dos investimentos indicados, incluídos no Plan único 2018, dos Concellos de Guitiriz e Ribas De SIL, debe entenderse presentadas dentro do prazo do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Neste sentido pode invocarse a sentenza 1342/2018, do 19 de xullo (Rec 3622/2017), do Tribunal Supremo, no sentido de que non se pode ter por decaído no seu dereito ao solicitante que presenta a documentación requirida fora do prazo outorgado, pero antes da declaración de desestimento ou a Sentenza 497/2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia..

Tendo en conta as solicitudes das Alcaldías dos concellos de Guitiriz e Ribas de Sil, así como os motivos que aducen, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 18 das bases reguladoras do Plan único 2018, “os concellos adxudicarán e formalizarán, de proceder, os contratos referentes as actuación incluídas no Plan ata o 31 de Outubro de 2018. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do concello”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión da prórroga aos Concellos de Guitiriz e Ribas de Sil para a adxudicación e formalización, de proceder, dos contratos dos referidos investimentos, concretos e numerados, incluídos no Plan único 2018, e ata o prazo solicitado.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Guitiriz e Ribas de Sil, e en consecuencia, concederlles a prórroga solicitada para a adxudicación dos investimentos indicados deseguido, debendo de remitir a Deputación, de forma individual para cada investimento a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (anexo III ou IV).

INVESTIMENTO		CONCELLO	PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN		
103	OBRAS DE MANTEMENTO NO CAMIÑO DE ACCESO A PARROQUIA DE SANTA CRUZ DE PARGA E SAN SALVADOR DE PARGA: CAMIÑO DENDE PR-23-06 Á LU-170 E CAMIÑO A BASCUAS, P.K 0+000 - 0+800	GUITIRIZ	31-03-2019
105	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO PARQUE INFANTIL SETE MUÍÑOS		31-03-2019
104	MELLORA DO PAVIMENTO DO PAVILLÓN MUNICIPAL		21-12-2018
243	ADQUISICIÓN DUNHA NAVE E GASTOS RELATIVOS Á COMPRA INCLUÍDOS	RIBAS DE SIL	30-06-2019

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS

Primeiro.- *Proposta relativa a Addenda de modificación ao Convenio da subvención excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Asociación Deportiva Sociedade Río Cabe, co obxecto de colaborar na actividade “Monforte 19/19 Ampliación Club Golf”, ano 2018.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo á addenda de modificación do convenio da subvención de referencia, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Convenio da subvención directa de carácter excepcional outorgada á Asociación Deportiva Sociedade Río Cabe, co obxecto de colaborar na actividade “Monforte 19/19 Ampliación Club Golf”, ano 2018, polo importe de 25.000,00 €, co aboamento anticipado e con dispensa de garantía do 50% da subvención é dicir, 12.500,00 €, debidamente asinado con data 26 de novembro de 2018 e aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación con data 02 de novembro de 2018.

Escrito de data 30 de novembro de 2018, no que don José Ángel Pérez Reñones, na súa condición de Presidente da Asociación Deportiva Sociedade Río Cabe, solicita que se lles conceda unha prórroga nos prazos de execución e xustificación das obras contempladas no convenio.

Informe do Servizo de Deportes, relativo á modificación ao convenio da subvención excepcional subscrito entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e a Asociación Deportiva Sociedade Río Cabe , con data 26 de novembro de 2018, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Monforte 19/19 Ampliación Club Golf”, ano 2018.

Informe da Secretaría e do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto da addenda de modificación ao dito convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2018.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A materia obxecto da presente modificación de convenio é competencia provincial en aplicación do artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, se trata dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio, ten unha contía superior á dos contratos menores.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Que se aprobe a modificación ao convenio de subvención excepcional entre a Deputación de Lugo e a Asociación Deportiva Sociedade Río Cabe asinado con data 26 de novembro de 2018, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Monforte 19/19 Ampliación Club Golf”, ano 2018, de tal xeito que o prazo de execución das obras quede fixado dentro das anualidades 2018 e 2019, ata o 30 de setembro de 2019; e o prazo de xustificación no límite temporal do 30 de outubro de 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

SEGUNDO.- *Proposta relativa ao Convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial a Cruz Vermella Española, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación "Plan de dinamización no emprego rural", na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder a Cruz Vermella Española, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación do "Plan de Dinamización no Emprego Rural", polo importe de 20.000 € constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

)

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2018.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 3.1 que leva por título “Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo” das recollidas, na Área de Promoción Económica e Social do Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2017- 2019, cuxa actualización para o presente ano 2018 foi aprobada por acordo de Xunta de Goberno o 16 de marzo de 2018, xa que na mesma se recolle o obxectivo de incrementar a cota de accións destinadas a mellorar a cualificación e a capacidade dos traballadores a adecuación aos novos empregos que xorden dos nichos de mercado en sectores emerxentes e dignificar as profesións desvirtuadas.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59(b).18 do regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 056 de data 10 de marzo de 2011), e no establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2018, que aínda que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 18.000,00 € de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais superiores, debe estarse ao establecido na nova Lei de Contratos do Sector Público que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, polo que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe individual sexa igual ou superior a 15.000,00 euros.

Os obxectivos que se perseguen con esta subvención son; loitar contra o desemprego, o despoboamento no rural e levar a cabo actuacións que poñan en valor as oportunidades que hai no sector primario, durante o ano 2018, a través de Cruz Vermella Española , colaborando co proxecto “Plan de Dinamización no Emprego Rural ”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 20.000 €, a favor de Cruz Vermella Española para sufragar gastos derivados da actuación “Plan de Dinamización no Emprego Rural “, subvención incluída na liña 3.1 que leva por título Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo da Área de Promoción Económica e Social, do Plan Estratégico de Subvencións 2017-2019, cuxa actualización para o presente ano 2018 foi aprobada por acordo de Xunta de Goberno o 16 de marzo de 2018.

2º.- Aprobar o gasto de 20.000 €, con cargo ao vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da entidade Cruz Vermella Española, para sufragar gastos derivados da actuación “Plan de Dinamización no Emprego Rural “.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con este informe”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta para aprobar o convenio interadministrativo de cooperación entre esta Excm. Deputación Provincial e o concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes en “Cooperar na promoción cultural e turística: actividades nadal 2018/2019”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao expediente e visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao Convenio Interadministrativo de referencia:

“Antecedentes de feito:

En data 7 de decembro de 2018 tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo, solicitude presentada pola Alcaldesa do Concello de Viveiro para implementar unha relación interadministrativa de cooperación, concorrendo títulos competenciais e un obxectivo común: cooperar na celebración de Nadal 2018/2019 de promoción cultural e turística.

Con dita solicitude achéganse:

- *Unha memoria explicativa das actividades a celebrar durante o Nadal 2018/2019 de Viveiro, convertendo a Viveiro nun pobo de referencia da Mariña e nun gran marco de sociabilidade e celebración que conta cunha elevada implicación social.*
- *O anexo II de orzamento e financiamento.*
- *Un anexo III de declaración doutras axudas.*
- *Un modelo de declaración responsable nesta relación de cooperación.*
- *Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias.*
- *Orzamento detallado de gastos.*

A memoria asinada pola Alcaldesa do Concello de Viveiro destaca a importancia que ten na Mariña Lucense as actividades de Nadal que se celebran en Viveiro, sendo nestas datas un pobo referencia en toda a comarca. As celebracións teñen transcendencia no territorio provincial.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación, no marco dunha relación interadministrativa entre o Concello de Viveiro e a Deputación Provincial de Lugo, en exercicio dunha competencia compartida, para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na promoción da participación cidadá nas actividades culturais e turísticas que organiza o Concello de Viveiro no período do Nadal 2018/2019, non constituíndo unha prestación propia dos contratos, guiado por razóns de interese público e conformando unha canle para a

satisfacción con eficacia do fin común, sen necesidade de crear estruturas burocráticas con custes engadidos e disfuncións para o que se comprometen a realizar as seguintes aportacións:

<i>ACTUACIÓN</i>	<i>ACHEGA DEPUTACIÓN</i>	<i>ACHEGA DO CONCELLO DE VIVEIRO</i>
<i>Cooperación para a promoción da participación cidadá nas actividades de culturais e turísticas no período do nadal 2018/2019</i>	<i>35.000,00€</i>	<i>10.000,00€</i>

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida e asumindo a obriga de desenvolver as actividades xurídico administrativas e técnicas necesarias para cumprir os compromisos, respectiva e reciprocamente asumidos no convenio.

Incorpórase ao expediente minuta de convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Viveiro.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.



Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015 de 1 de outubro do RXSP sinala que:

“... deberán incluír, polo menos:

a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

- b) *A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.*
- c) *O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.*
- d) *Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.*
- e) *Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento*
- f) *Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.*
- g) *Réxime de modificación do convenio.*
- h) *Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:*
 - a. *Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.*
 - b. *En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. (...)”*

Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude as relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico - administrativo manexado na proposta e no convenio analizado, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

A lexislación de réxime local tamén é consecuenta coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os

distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

En canto as competencias e fins do Concello de Viveiro, en relación coa promoción turística e da cultura, indícase o seguinte:

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril (en adiante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras: “... h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...) m) promoción da cultura e equipamentos culturais”.

Esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no Art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio

administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Ademais, os artigos 5 e 6 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia recollen as competencias turísticas dos municipios e das entidades locais supramunicipais, que precisan entre outras as atribucións de protección e promoción dos recursos turísticos municipais e supramunicipais..

E nos artigos 2 e 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia recóllense as competencias que lle corresponden en materia de patrimonio cultural á Comunidade Autónoma e as entidades locais.

A Deputación, segundo o establecido no convenio, prevese que coopere co Concello de Viveiro na achega de financiamento para a celebración de diversas actividades e actuacións durante o Nadal, promocionando a participación cidadá nestas actividades, co que se impulsa a promoción turística desta zona, e de forma indirecta, a da provincia en xeral. Estas celebracións, conleva a promoción turística dos concellos da zona e da provincia, e en consecuencia, a xeración de riqueza, co conseguinte pulo económico que se xera.

Trátase do aproveitamento de sinerxias, co obxectivo de que sirva como un instrumento vertebrador e cohesionador da sociedade. A través desta actuación preténdese aumentar a participación cidadá e ademais de potenciar o turismo cultural na zona. Aproveitase a tradición cultural e o turismo, como unha palanca para fornecer a actividade económica.

Ambas partes deben dar cumprimento as obrigas de facer e de dar (achegas) estipuladas no convenio interadministrativo de cooperación.

A importancia cultural e turística de Viveiro ven corroborada pola resolución do Consello da Xunta de Galicia de 7 de febreiro de 2000 (DOG nº 40 de 28 de febreiro) que declarou a Viveiro como municipio turístico galego. Ademais este concello conta coa declaración de festas de interese turístico de Galicia: O Naseiro, a Rapa das Bestas de Cadoso e a festa da Pescada do

Pincho de Celeiro, xunto coa Semana Santa de Viveiro declarada festa interese turístico internacional.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, onde todas as administracións públicas deberán cooperar no desenvolvemento de medidas encamiñadas ao fomento da actividade turística do Concello de Viveiro e da Mariña Occidental.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de

colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalguna das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Pode terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD), en aplicación do regulamento orgánico publicado no BOP do 10 de marzo de 2011 e de conformidade coa circular de Secretaría Xeral de data 2 de novembro de 2018.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns

consistentes en cooperar na promoción cultural e turística: actividades Nadal 2018/2019, cun orzamento total de 45.000,00 €; a achega da Deputación ascende a contía 35.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 35.000,00€ con cargo ao vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2018”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Confederación de Empresarios da Provincia de Lugo (CEL) para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “CEL-promoción exterior” na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Confederación de Empresarios da Provincia de Lugo (CEL), co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto “CEL-Promoción exterior”, polo importe de 100.000,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 50.000,00€ con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 3.1 – Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, pertencente á área funcional de Promoción Económica e Social - Emprego do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017 e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivos, entre outros, os de acadar a competitividade empresarial e fomento do comercio local.

O obxecto que se persegue con esta subvención é xerar e consolidar un tecido empresarial sólido na provincia de Lugo; e incrementar os niveis de internacionalización das empresas, especialmente nos mercados emerxentes, afianzando a súa actividade e xerando un desenvolvemento sustentable que dinamice o mercado laboral no territorio, sobre o que se asenten as bases do futuro da provincia.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional,

por importe de 100.000,00€ a favor da entidade Confederación de Empresarios da Provincia de Lugo (CEL), para sufragar os gastos derivados do proxecto “CEL-Promoción exterior”, subvención incluída na Liña 3.1 – Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, pertencente á área funcional de Promoción Económica e Social - Emprego do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 100.000,00€ con cargo ao orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Confederación de Empresarios da Provincia de Lugo (CEL), para sufragar gastos derivados do proxecto “CEL-Promoción exterior”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

En este momento sendo as once horas e corenta minutos ausentase da Xunta de Goberno o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón.

Quinto.- *Proposta de aprobación relativa ao Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), para o desenvolvemento de accións contempladas no Protocolo de colaboración dun Plan de Choque para o Campus de Lugo.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao Convenio Interadministrativo entre esta Deputación Provincial e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento de accións contempladas no protocolo de colaboración dun plan de choque para o Campus de Lugo, no que literalmente se establece:

“Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e Universidade de Santiago de Compostela.

D. Juan Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público-público) de data 7 de decembro de 2018, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo; e memoria para o desenvolvemento de accións contempladas no protocolo de colaboración para o desenvolvemento dun plan de choque para o Campus de Lugo, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer fins compartidos por ambas partes.

Na memoria incorporada ao expediente explícanse os fins e obxectivos perseguidos con este convenio.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa entre o Universidade de Santiago de Compostela e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de desenvolver un Plan De Choque para O Campus de Lugo, non constituíndo prestacións propias dos contratos, para o que se comprometen a realizar aportacións segundo a desagregación que figura no borrador de convenio na súa cláusula cuarta, e os restantes compromisos asumidos no seu clausulado.

Incorpórase tamén fotocopia do protocolo de colaboración subscrito o 11 de agosto de 2014 e modificado o 21 de xuño de 2016 entre a Deputación de Lugo e a USC para o desenvolvemento dun plan de choque para o Campus de Lugo.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán

concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, define os convenios, dicindo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público” (...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

b) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos

durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

- i) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.*
 - j) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.*
 - k) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.*
 - l) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.*
 - m) Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento*
 - n) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.*
 - o) Réxime de modificación do convenio.*
 - p) Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:*
 - a. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.*
 - b. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.*
- (...)”*

O capítulo VI da LRSP non se aplica aos convenios de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa USC, como administración pública vinculada a Comunidade Autónoma (art. 1 dos Estatutos da USC, aprobados por Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro e publicados no DOG nº 29 do 12 de febreiro de 2014) configúrase como un aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, con cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alende o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” – LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber

que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril
(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos;
(...)”

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en

xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

A maior abundamento a disposición adicional 4ª da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, recolle as competencias que debe asumir a administración da comunidade autónoma en materia de educación (..), en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013 (LRSAL) continuarán prestadas polos municipios (respecto dos que a Deputación ten unha competencia propia de cooperación, en tanto non se traspasen a comunidade autónoma e se establece un novo sistema de financiamento autonómico e local.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Artigo 1 dos Estatutos da USC, aprobados por Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro e publicados no DOG nº 29 do 12 de febreiro de 2014, conceptúa a institución como administración pública, vinculada a Comunidade Autónoma de Galicia.

Establece o artigo 4.4 dos Estatutos da USC que, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela:“(...)propiciará o establecemento de relacións con outras Universidades, organizacións e institucións, e moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural. (...)”.

De acordo co artigo 146 dos seus Estatutos, a USC establecerá e manterá servizos básicos de apoio á docencia e á investigación e servizos de apoio e asistencia á comunidade universitaria, no marco dos artigos 39 e seguintes da Lei orgánica 6/2001, de 11 de decembro, de universidades, en concreto respecto da investigación e transferencia de coñecementos a sociedade, como un dos seus obxectivos esenciais.

Segundo se establece no artigo 11 dos seus Estatutos, a USC conta con persoal docente e investigador, integrado polo persoal funcionario dos corpos docentes universitarios, polo persoal contratado para funcións docentes e investigadoras e polo persoal investigador en formación.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, que é o desenvolvemento do plan de choque para o campus lucense, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e achegas:

DEPUTACIÓN DE LUGO	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2018: <i>Importe</i> 293.614,00 40.500,00 €	2018: 50.000,00 € na mellora de infraestruturas deportivas, docentes ou investigadoras no Campus de Lugo no curso 2018-2019.
TOTAL: 334.114,00 €	TOTAL: 50.000,00 €

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando a mobilidade da poboación e dos sectores económicos, xunto coa calidade urbana e medio ambiental.

A titularidade dos resultados será compartida no termos da cláusula quinta letra B.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no art. 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que “están excluídos do eido da citada lei: (...); c) Os convenios de colaboración que desenvolva a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta Lei.”

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD).

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre esta Deputación Provincial e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento de accións contempladas no protocolo de colaboración dun plan de choque para o Campus de Lugo, cun orzamento total de 394.114,00 € (a achega da Deputación Provincial ascenderá ao importe de 334.114,00 € e a achega da USC será por valor de 50.000,00 €).

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento da actuación contemplada no convenio, que ascende á contía máxima de 350.000,00 euros con cargo ás aplicacións orzamentarias 3261.489.00 por de importe 293.614,00€, e 3261.789 por importe 40.500,00€, do vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2018”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- *Quinta modificación ao Convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Vicedo (O), coa finalidade común de colaborar na adaptación Centro de Día e mobiliario.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 18 de decembro de 2018, no que literalmente establécese canto segue:

“Antecedentes de feito:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 06 de outubro de 2015, prestou aprobación ao convenio de colaboración entre a Excma.

Deputación Provincial de Lugo e o concello de Vicedo (O), coa finalidade común de realizar os seguintes investimentos:

<i>INVESTIMENTO: Adaptación Centro de día e mobiliario</i>	<i>ORZAMENTO</i>
<i>Fondos achegados pola Deputación</i>	<i>374.544,05 €</i>
<i>Fondos propios do concello</i>	<i>19.712,84 €</i>
<i>TOTAL</i>	<i>394.256,89 €</i>

O investimento consiste na adaptación do Centro de día e mobiliario, concretamente no equipamento e mobiliario, reforma do sótano e primeiro andar da Casa do Mar de Vicedo para o Centro de día, e na reforma do segundo andar da Casa do Mar de Vicedo para oficinas.

Dito convenio de colaboración, na súa cláusula cuarta, apartado B (Xustificación) establecía:

“Unha vez finalice a actuación prevista e contemplada neste convenio o concello de Vicedo (O) deberá xustificar a execución do investimento e en todo caso, como máximo antes do día 31 de maio de 2016, no que se refire á xustificación da anualidade 2015, antes do día 31 de maio de 2017 para a xustificación da anualidade 2016 e antes do día 31 de maio de 2018 para xustificar a anualidade 2017. (...)”.

O Alcalde do Concello de Vicedo (O), D. José Jesús Novo Martínez, solicitou unha ampliación de prazo ou prórroga para a xustificación dos investimentos contemplados no convenio para a anualidade 2015, por mor da demora na entrega dos informes sectoriais doutras administracións públicas.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 15 de abril de 2016 aprobou a modificación ao convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vicedo (O), coa finalidade común de colaborar na adaptación centro de día e mobiliario, de tal xeito que a xustificación do investimento para a anualidade 2015 quedou fixada na data límite do día 31 de xullo de 2016.

Dita modificación do convenio de colaboración formalizouse o 18 de abril de 2016.

O 5 de abril de 2018, o Alcalde do Concello de Vicedo (O) solicitou unha segunda modificación do convenio de colaboración asinado entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello do Vicedo, a día 6 de outubro de 2015, e modificado a día 18 de abril de 2016, coa finalidade común de colaborar na adaptación de Centro de Día e Mobiliario, de forma que o prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade de 2017 quedase fixado, como como mínimo, ata a día 30 de setembro de 2018.”

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 25 de maio de 2018 aprobou a segunda modificación ao convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vicedo (O), coa finalidade común de colaborar na adaptación centro de día e mobiliario, de tal xeito que o prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade de 2017 quedou fixado na data do 30 de setembro de 2018.”

1. *Dita segunda modificación do convenio de colaboración formalizouse o 3 de xullo de 2018.*

O 24 de setembro de 2018 o Alcalde-Presidente do Concello do Vicedo solicitou unha terceira modificación do convenio de colaboración asinado entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello do Vicedo, o día 6 de outubro de 2015, e modificado nas datas do 18 de abril de 2016, 3 de xullo de 2018 e 10 de outubro de 2018, coa finalidade común de colaborar na adaptación de Centro de Día e Mobiliario, de forma que o do prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade de 2017 quedase fixado, na data do 31 de outubro de 2018.”

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 28 de setembro de 2018 aprobou a terceira modificación ao convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vicedo (O), coa finalidade común de colaborar na adaptación centro de día e mobiliario, de tal xeito que o prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade de 2017 quedou fixado na data do 31 de outubro de 2018.”

Dita terceira modificación do convenio de colaboración formalizouse o 10 de outubro de 2018.

O 25 de outubro de 2018 o Alcalde-Presidente do Concello do Vicedo solicitou unha cuarta modificación do convenio de colaboración asinado entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello do Vicedo, o día 6 de outubro de 2015, e modificado nas datas do 18 de abril de 2016, 3 de xullo de 2018 e 10 de outubro de 2018, coa finalidade común de colaborar na adaptación de Centro de Día e Mobiliario, de forma que o do prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade de 2017 quedase fixado, na data do 30 de novembro de 2018.”

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 2 de novembro de 2018 aprobou a cuarta modificación ao convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vicedo (O), coa finalidade común de colaborar na adaptación centro de día e mobiliario, de tal xeito que o prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade de 2017 quedou fixado na data do 30 de novembro de 2018.”

Dita cuarta modificación do convenio de colaboración formalizouse o 29 de novembro de 2018.

O 28 de novembro de 2018 o Alcalde-Presidente do Concello do Vicedo achegou, a través de correo electrónico, ao Servizo de Contratación e Fomento, un escrito, que foi rexistrado de entrada o 4 de decembro de 2018, que literalmente dí:

“Que o Concello do Vicedo asinou un convenio de colaboración coa Excma. Deputación Provincial de Lugo o 6 de outubro de 2015, modificado o día 18 de abril de 2016 e o 3 de xullo de 2018 e o 10 de outubro de 2018 coa finalidade de colaborar na adaptación de Centro de Día e mobiliario.

Que a anualidade 2017 tiña que estar executada e xustificada o 30 de novembro de 2018.

Que as obras demoráronse na súa execución, debido últimamente a que teñen que cambiarse algunhas das portas de edificio instaladas (por esixilo así a dirección facultativa a

obra) por presentar defectos estéticos que fan necesaria a súa substitución e, dadas as características especiais destas, pois teñen que ser fabricadas especificamente para a obra, o contratista adxudicatario non poderá proceder á instalación doutras antes do 15 de febrero de 2019.

Solicita

Que previos os trámites oportunos, se prorrogue o prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade de 2017 do convenio de colaboración asinado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello do Vicedo, o día 6 de outubro de 2015, modificado o día 18 de abril de 2016, o 3 de xullo de 2018 e o 10 de outubro de 2018 coa finalidade común de colaborar na adaptación de Centro de Día e Mobiliario, ata o día 30 de abril de 2019.”

Achega ademáis un documento de data 28 de novembro de 2018, da empresa Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L., adxudicataria da obra de “Adaptación de edificio para centro de día”, a través do cal se garante a entrega e colocación das portas fabricadas para a substitución das actualmente colocadas antes do día 15 de febrero de 2019.

O 12 de decembro de 2018 o Alcalde-Presidente do Concello do Vicedo achegou, a través de correo electrónico, ao Servizo de Contratación e Fomento escrito, que foi rexistrado de entrada o 13 de decembro de 2018 (RXE. Núm. 33614), que literalmente di:

“Que o Concello do Vicedo asinou un convenio de colaboración coa Excm. Deputación Provincial de Lugo o día 6 de outubro de 2015, modificado o día 18 de abril de 2016, o 3 de xullo de 2018 e o 10 de outubro de 2018 coa finalidade de colaborar na adaptación de Centro de Día e mobiliario.

Solicita.

O pagamento anticipado da cantidade de 185.399,30 euros, correspondente ó 90% do orzamento da anualidade de 2017 en base á cláusula cuarta, apartado C do convenio de colaboración asinado coa Excm. Deputación Provincial de Lugo o día 6 de outubro de 2015.”

Achegou ademais certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social, así como documento emitido pola entidade bancaria, no que se indica o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo.

Consideracións:

O concello de Vicedo (O) é unha entidade local básica, con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo as competencias que lle atribúe como propias o artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local unha competencia propia de Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Este é o caso da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, establece no seu artigo 118 que compete ás Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento do mesmo.

A este respecto debe terse en conta ademais o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, cando establece que a cooperación técnica, económica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das CCAA, tanto en servizos locais como en outros asuntos de común interese, poderá ter lugar en todo caso mediante

os consorcios e convenios administrativos que se subscriban, buscando a mellora na eficiencia da xestión pública, a eliminación das duplicidades administrativas e o cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

No seu punto terceiro, este artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, ven a establecer certa preferencia pola cooperación por vía de convenio de colaboración antes que a constitución dun consorcio.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...)

h) Subscrición de convenios administrativos (...).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas entidades.

Establece o artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local que, en particular, “non se entenderá como o exercicio de novas competencias “a colaboración entre administracións, entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse mais aló do concreto

reparto de competencias nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 de la Lei 5/1997”, da administración local de Galicia, que precisamente reflicte este e concepto.

Doutra banda, a STC 41/2016, de 3 de marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Sinalar que o convenio de colaboración se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local, estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia, que se reforza no artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, en canto regula a potestade de autoorganización e os sistemas de cooperación pública vertical e horizontal.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Na Comunidade Autónoma galega (aínda que non aplicable, en principio, ás entidades locais, artigo 1.3), o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, establece unha regulación semellante ó RXLS estatal.

Establece a Disposición Adicional Oitava da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público, en relación coa adaptación dos convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública, que:

“Todos os convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública ou calquera dos seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes deberán adaptarse ao aquí previsto

no prazo de tres anos a contar dende a entrada en vigor desta Lei”. Non obstante, este prazo non está vencido (02/10/2019).

Na actualidade o marco xurídico dos convenios establécese nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público. En particular, no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, establécese a definición do que debe entenderse por convenio. Así:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

(...)”.

O mentado artigo fai referencia, no seu punto segundo, á tipoloxía de convenios establecendo que:

“2. Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos de outra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

(...)

En canto ao contido do convenio, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

(...)

g) Réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá o acordo unánime dos asinantes.

(...)

Precepto semellante a este, non se contemplaba na anterior lexislación; máis de concorrer vontade das partes asinantes deste Convenio para procurar a súa modificación, non debe existir impedimento, máxime se destacamos que, a modificación pretendida non altera os fundamentos técnicos e xurídico- administrativos do convenio preexistente e dos acordos que o sustentan; antes ben amosa que contribúe a corrixir a disfunción que se produce con ocasión da sobrevida imposibilidade de cumprimento do prazo de execución e xustificación da inversión correspondente á anualidade de 2017 establecido no convenio (trala modificación de data 18 de abril de 2016).

O presente convenio ten natureza administrativa e quedaba excluído da lexislación de contratos en virtude do disposto no artigo 4.1.c) do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que quedan excluídos do eido da citada lei: “os convenios de colaboración que desenvolva a Administración Xeral do Estado coas Entidades Xestoras da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre sí, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta lei”. Esta era a norma aplicable no momento da tramitación e aprobación daquel convenio. Na actualidade non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda

condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre sí dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Pode terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

A cláusula quinta do convenio de colaboración establece a súa vixencia, indicando que: “A vixencia do presente convenio comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos desde o 01 de xaneiro de 2015 e se manterá ata o día no que finalice o conxunto da actuación que é obxecto deste convenio de colaboración.” Tendo en conta que o conxunto da actuación aínda non finalizou, e que aínda non se aprobou a conta xustificativa, o convenio está vixente e non supera, xunto coas prórrogas o límite máximo dos catro anos de duración que establece o artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, computado dende a

data da súa sinatura (06 de outubro de 2015). Vixente o convenio, non existen inconvenientes para modificar algunhas das súas determinacións mediante a vontade común das partes e sendo acorde a satisfacción do interese público, comportado para ambas entidades locais. Non pode superarse a duración de catro anos.

En canto ao órgano competente do ente provincial para a aprobación desta quinta modificación do convenio de colaboración, debemos ten en conta o seguinte:

A circular da Secretaría Xeral, de data 2 de novembro de 2018 dice: “(...) o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm.170 de 26 de xullo de 2018, deixa de ter a natureza administrativa de carácter xeral, e queda sen valor legal algún, de tal forma que recupera a súa vixencia, na súa integridade e a todos os efectos, o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 56 de data 10 de marzo de 2011”. En consecuencia, o órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta, correspóndelle á Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.b)18. do regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 056 de data 10 de marzo de 2011), e no establecido na base 24.4º das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2018, que aínda que recolle que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe de xeito individual sexa igual ou superior a 18.000,00€ debe estarse ao establecido na nova lei de contratos que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00€; xa que logo, o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe individual sexa igual ou superior a 15.000,00€.

O amentado convenio de colaboración, na cláusula cuarta –Réxime económico-, apartado C –anticipo- establece que:

“As partes asinantes acordan que a Excma. Deputación Provincial de Lugo realice o aboamento anticipado do 90% sobre o importe total subvencionado, correspondendo a anualidade 2015 o importe de 18.727,20€, anticipo con dispensa de garantía do 90%, é dicir, 16.854,48€. A Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2016 a cantidade de 149.817,62€, co anticipo con dispensa de garantía do 90%, é dicir, 134.835,86€, previa

solicitude e unha vez xustificada a totalidade da anualidade 2015. Para a anualidade 2017 supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira a Deputación se compromete a incluír no orzamento da anualidade 2017 os 205.999,23€ restantes, co anticipo con dispensa de garantía do 90%, a cantidade de 185.399,30€, previa solicitude e unha vez xustificada a anualidade 2016.

Para solicitar o pagamento do anticipo en cada anualidade o concello de Vicedo (O) deberá achegar a seguinte documentación:

- 1. Solicitude do anticipo.*
- 2. Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte a seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.*
- 3. Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a documentación achegada.”*

O concello de Vicedo (O) achegou a documentación esixida no apartado C da cláusula cuarta do convenio de colaboración amentado.

O clausulado do convenio de colaboración, obxecto de modificación, queda redactado da seguinte forma:

“Achegas e compromisos das partes.

(...)

3.2. O Concello de Vicedo (O) se compromete a:

En cumprimento do presente convenio de colaboración o concello de Vicedo (O) se compromete ao seguinte:

1. *Executar os investimentos obxecto deste convenio na data límite do 30 de abril de 2019.*
Los expedientes de contratación iniciados antes de la entrada en vigor de esta Ley se regirán por la normativa anterior. A estos efectos se entenderá que los expedientes de contratación han sido iniciados si se hubiera publicado la correspondiente convocatoria del procedimiento de adjudicación del contrato. En el caso de procedimientos negociados, para determinar el momento de iniciación se tomará en cuenta la fecha de aprobación de los pliegos.

Los contratos administrativos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la presente Ley se regirán, en cuanto a sus efectos, cumplimiento y extinción, incluida su duración y régimen de prórrogas, por la normativa anterior”.

O contrato que nos ocupa e cuxa modificación se propón, foi adxudicado mediante acordo da Xunta de Goberno de data 29 de decembro do 2017, polo tanto, antes da entrada en vigor da nova LCSP, aplicándose en virtude do anterior o TRLCSF.

O TRLCSF, no seu artigo 107 regula as modificacións de contrato non previstas na documentación que rexe a licitación, como é o caso. No seu punto 1, indica as circunstancias e coa concorrencia delas, xustificadamente poderá modificarse o contrato. Neste caso, e de acordo co sinalado no informe do Servizo de Vías e obras, enténdese que concorre a causa prevista na letra a) do Art. 107:

“Artículo 107 Modificaciones no previstas en la documentación que rige la licitación.

Las modificaciones no previstas en los pliegos o en el anuncio de licitación solo podrán efectuarse cuando se justifique suficientemente la concurrencia de alguna de las siguientes circunstancias:

Inadecuación de la prestación contratada para satisfacer las necesidades que pretenden cubrirse mediante el contrato debido a errores u omisiones padecidos en la redacción del proyecto o de las especificaciones técnicas.

(...)

La modificación del contrato acordada conforme a lo previsto en este artículo no podrá alterar las condiciones esenciales de la licitación y adjudicación, y deberá limitarse a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

A los efectos de lo previsto en el apartado anterior, se entenderá que se alteran las condiciones esenciales de licitación y adjudicación del contrato en los siguientes casos:

Cuando la modificación varíe sustancialmente la función y características esenciales de la prestación inicialmente contratada.

Cuando la modificación altere la relación entre la prestación contratada y el precio, tal y como esa relación quedó definida por las condiciones de la adjudicación.

Cuando para la realización de la prestación modificada fuese necesaria una habilitación profesional diferente de la exigida para el contrato inicial o unas condiciones de solvencia sustancialmente distintas.

Cuando las modificaciones del contrato iguallen o excedan, en más o en menos, el 10 por ciento del precio de adjudicación del contrato; en el caso de modificaciones sucesivas, el conjunto de ellas no podrá superar este límite.

En cualesquiera otros casos en que pueda presumirse que, de haber sido conocida previamente la modificación, hubiesen concurrido al procedimiento de adjudicación otros interesados, o que los licitadores que tomaron parte en el mismo hubieran presentado ofertas sustancialmente diferentes a las formuladas.”

Prezos.

Aos efectos de determinar o prezo que supón a modificación do contrato de servizos de asistencia técnica para o control de calidade das obras e servizos de conservación dirixidas desde o servizo de Vías e Obras (Lote III), xunto coa proposta remitida, o devandito servizo acompaña cadro orzamentario da modificación a realizar no que compara o prezo do contrato resultante da adxudicación, co que resultaría da modificación que se pretende realizar, sinalando que dito incremento supón un total de 5.275,84 euros (IVE engadido), o que representa un 9,99% de incremento con respecto ao prezo de adxudicación do contrato, 52.812,69 € (IVE engadido), resultando que o prezo do contrato tras a modificación a realizar sería de 58.088,53 euros (IVE engadido).

Consideracións xurídicas.

En aplicación do previsto no Art. 105.2 do TRLCSP a modificación do contrato non poderá realizarse coa finalidade de adicionar prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que podan cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

O informe achegado xunto coa proposta polo Servizo de Vías e Obras sinala expresamente que “(...) se propone una adecuación del presente contrato a las circunstancias actuales, que supone un aumento en el precio del mismo del 9,99% tal y como puede observar en el cuadro presupuestario que se adjunta al presente informe, manteniéndose las condiciones técnicas del Pliego de Prescripciones Técnicas Particulares y sin que en ningún momento se introduzcan precios contradictorios”.

No cadro orzamentario da modificación a realizar realízase unha comparación entre o prezo do contrato resultante da adxudicación, co que resultaría da modificación que se pretende realizar, observándose que os prezos unitarios que serviron de base para a adxudicación do contrato non sofren variación, así como tampouco a baixada do orzamento de licitación ofertada pola adxudicataria (35 % do orzamento de licitación).

En canto ás modificacións non previstas na documentación que rexe na licitación (como é o caso que nos ocupa) solo poderá efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrência dalgunha das seguintes circunstancias:

Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros u omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.

Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, medioambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida acorde con unha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.

Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, acorde co estado da técnica, se haxa producido con posterioridade á adxudicación do contrato.

Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, medioambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.



Neste caso entenderase que concorre a causa prevista na letra a) do Art. 107.1

“Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas”.

En todo caso, a modificación do contrato acordado ao abeiro do Art. 107.1 do TRLCSP non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato (Art. 107.2) fixando o parágrafo terceiro os supostos en que “ex lege” se produce esa alteración das condicións esenciais da licitación.

En troques, na modificación formulada, entendemos que:

Non se varían substancialmente a función e características esenciais da prestación.

a) Non se altera a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.

b) Para a prestación modificada non é necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.

c) A modificación do contrato é inferior ao 10% do prezo de adxudicación do contrato. Esta supón un incremento do 9,99% % do prezo do contrato, pasando de 52.812,69 € (IVE engadido) a 58.088,53 euros (IVE engadido)

d) A duración do contrato tampouco experimenta variación, sendo esta de un ano, non prorrogable, e con entrada en vigor a partir da sinatura da acta de inicio de prestación do servizo, a cal se produciu con data do 1 de marzo do 2018.

e) *De ter sido coñecida previamente a modificación, presúmese que os interesados que tivesen concorrido ao procedemento de adxudicación, ou que os licitadores que tomaron parte neste, non tivesen presentado ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.(...).*

A documentación remitida a este Servizo de Contratación e Fomento polo Servizo Xestor, o Servizo de Vías e Obras, xustifica a concorrencia das circunstancias que habilitan á modificación non prevista na documentación que rexe a licitación (Art. 107.1 TRLCSP) . Este servizo entende que concorren as circunstancias relacionada na letras A) deste precepto:

a) *Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.*

b)

Non se alteran as condicións esenciais da licitación e adxudicación, tal e como se desprende do informe do Servizo de Vías e obras.

A modificación do contrato é inferior ao 10% do prezo de adxudicación do contrato, supón un incremento do 9,99% % do prezo do contrato, pasando de 52.812,69 € (IVE engadido) a 58.088,53 euros (IVE engadido).

As necesidades desta modificación constan relacionadas no informe do Servizo de Vías e obras, onde se fai constar que aquelas están determinadas como consecuencia da aprobación por parte do Pleno da Deputación de Lugo con data 31 de outubro do 2017, do Plan Extraordinario de Rehabilitación de Firms (PERF 2017/2019) cunha dotación orzamentaria de 15 millóns de euros, cuxa dirección se realiza desde o Servizo de Vías e Obras, motivo polo cal o volume de traballo do servizo de asistencia técnica para o control de calidade vese aumentado considerablemente. Faise constar sobre este particular, que na data do 31 de outubro do 2017, atopábase en pleno proceso de licitación, xa que como consta no expediente, a publicación do anuncio de licitación de dito expediente foi obxecto de publicación no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na plataforma de contratos do sector público, con data 9 de xuño do 2017. Xúntase a estes efectos copia do acordo plenario polo que se aproba dito Plan Extraordinario de Rehabilitación de Firms.

No informe sinalado no parágrafo anterior, o Servizo de Vías e obras pon de manifesto que o orzamento dispoñible atópase na actualidade próximo a esgotarse segundo ás relacións valoradas emitidas ata a data como consecuencia do inicio das obras do Plan Extraordinario de Rehabilitación de Firmes. A este respecto, tal e como se indicou nos antecedentes primeiro e terceiro, os contratos derivados de cada lote, teñen unha duración máxima de vixencia de un ano, non existindo posibilidade de prórroga e con entrada en vigor a partir da sinatura da acta de inicio da prestación do servizo, que no caso do Lote III, obxecto da presente revisión, asinouse con data do 1 de marzo do 2018. De acordo co anterior, a duración do contrato asinado coa empresa EPTISA Servicios de Ingeniería, S.L, adxudicataria deste Lote, remataría o 1 de marzo do 2019. Na actualidade estase a tramitar o inicio dunha nova licitación para proceder á contratación das mesmas prestacións, pero tendo en conta que a adxudicación e formalización da mesma é bastante probable que se produza con posterioridade á data na que se esgote o orzamento do contrato do Lote III considerando os argumentos expostos polo Servizo de Vías e Obras, considérase que o recurso á figura da modificación do contrato que se pretende realizar, constitúe a mellor opción para garantir a continuidade da prestación.

No que atinxe ao procedemento establecido no Art. 211 do TRLCSP a modificación aparece consentida polo contratista, xa que consta sinatura de conformidade ao cadro orzamentario que acompaña á proposta do Servizo de Vías e Obras, de modo que se pode entender cumprido o trámite de audiencia.

A modificación do contrato conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no Art. 99.3 do TRLCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado; o reaxuste en proporción ao novo prezo (5% do aumento de prezo) deberá efectuarse dentro do prazo de quince días, contados desde a data de notificación ao empresario do acordo de modificación.

Efectos.

Debe terse en conta que de conformidade co establecido no artigo 19 do TRLCSP, atopámonos ante un contrato administrativo, que se rexe en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, por esta Lei e as súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

En canto aos efectos e extinción, e de acordo co sinalado no parágrafo anterior, son de aplicación aos contratos administrativos as normas contidas no Título V do Libro I, sobre modificación dos contratos (Artigos 105-108 do TRLCSP). Normas que se seguen neste informe e no expediente da súa razón.

De acordo co anterior, a modificación que se pretende realizar, entrará en vigor a partir da formalización de dita modificación en documento administrativo.

Aos efectos do establecido na base 36, apartado 1.3.11.d) das bases de execución do orzamento 2018,enténdese desde o servizo de contratación e fomento que se cumpren as esixencias dos Artigos 107.1 e 3 do TRLCSP.

“Base 36, apartado 1.3.11.d) Modificación do contrato:

- No caso de modificacións previstas segundo o artigo 106 do TRLCSP, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos ou no anuncio da licitación, e que non supera a porcentaxe do prezo do contrato ó que como máximo poden afectar. No caso de modificacións non previstas, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos nos apartados 1 e 3 do artigo 107 do TRLCSP.

- Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría.”

Órgano competente:

Tendo en conta o establecido na cláusula segunda do PCAP, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á

aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación e nos restantes actos procedimentais o órgano competente será a Presidencia, en virtude do establecido no art.59, apartado 12 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, aplicable de acordo coa circular da Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº.170 do 26 de xullo 2018.

Conclusión:

En atención as consideracións expostas e atendendo a xustificación da modificación efectuada, infórmase favorablemente a modificación do contrato de servizos de asistencia técnica necesaria para levar a cabo o preceptivo control de calidade nas obras e servizos contratados por esta Deputación (LOTE III), para atender ás novas necesidades do servizo, sempre que se fiscalice o expediente pola Intervención; xa que logo entende o que subscribe que procede que polo órgano de contratación se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o a modificación do contrato de servizos de asistencia técnica necesaria para levar a cabo o preceptivo control de calidade nas obras e servizos contratados por esta Deputación (Lote III), cun aumento do prezo de adxudicación de 5.275,84 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Adxudicar este modificado a EPTISA Servicios de Ingeniería, S.L., que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 58.088,53 € (IVE engadido). O prazo de duración do contrato non experimenta variación, sendo este de un ano, non prorrogable, a partir da sinatura da acta de inicio de prestación do servizo, a cal se produciu con data do 1 de marzo do 2018.

A empresa adxudicataria reaxustará a garantía definitiva ao 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, unha vez modificado o contrato, no prazo de 15 días desde a notificación do presente acordo, na contía de 218,01 €.

Formalizar dita modificación en documento administrativo.”

En base ao anteriormente exposto, e visto o documento contable relativo á disposición do gasto emitido pola Intervención Xeral, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º. - Aprobar a modificación do contrato de servizos de asistencia técnica necesaria para levar a cabo o preceptivo control de calidade nas obras e servizos contratados por esta Deputación (Lote III), cun aumento do prezo de adxudicación de 5.275, 84 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

2º.- Adxudicar este modificado a EPTISA Servicios de Ingeniería, S.L., que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 58.088,53 € (IVE engadido). O prazo de duración do contrato non experimenta variación, sendo este de un ano, non prorrogable, a partir da sinatura da acta de inicio de prestación do servizo, a cal se produciu con data do 1 de marzo do 2018.

3º.- A empresa adxudicataria reaxustará a garantía definitiva ao 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, unha vez modificado o contrato, no prazo de 15 días desde a notificación do presente acordo, na contía de 218,01 €.

4º.- Formalizar dita modificación en documento administrativo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO REINTEGRO DO ANTICIPO DA ENTIDADE 1333/2015 SUPERMERCADO LAS CATEDRALES S.L., BENEFICIARIA DO BEN EMPREGADO II.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando que con data 27 de marzo do 2015 esta Deputación Provincial aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, programa de fomento de emprego e a economía dos sectores estratéxicos da provincia de Lugo- Ben empregado II Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 31 de marzo con N° 73.

Considerando que con data 24 de xuño do 2015 publícanse no BOP N° 143 a listaxe das entidades beneficiarias ca cantidade asignada, entre as que se atopa a entidade 1333/2015 Supermercado Las Catedrales SL., con 11.434,56€. Dita cantidade sofre unha modificación posterior que foi publicada con data 28 de novembro de 2015, quedando a cantidade aprobada en 10.800,00€.

Considerando que con data 26 de febreiro de 2016 a entidade beneficiaria recibe o pago do primeiro anticipo da subvención 5.400,00€, unha vez comprobada e verificada a documentación aportada pola empresa, tal e como ven especificada na Base 15 do programa Ben Empleado II Fase I:

- Orixinais ou copias compulsadas ou cotexadas dos contratos de traballo, formalizados e debidamente comunicados á Oficina de Emprego.*
- Orixinais ou copias compulsadas ou cotexadas dos parte de alta da seguridade social xunto co informe de datos de cotización.*
- Declaración responsable de non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro,(Anexo X).*
- Acreditar, mediante Certificacións expedidas o efecto polos organismos correspondentes, de estar o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e CCAA) ,Seguridade Social e Deputación Provincial.*
- Certificación de conta bancaria expedida pola entidade bancaria á que se transferirá o importe da subvención que puidera concederse.*

Considerando que dende a Deputación de Lugo remítese notificación á entidade beneficiaria requiríndollela documentación precisa para a xustificación e cobro do 2º anticipo da subvención outorgada, tal e como se recolle na Base 15 do Programa Ben Empregado II:

- *Cadro resumo de retribucións,(Anexo XII)*
- *Orixinais ou copias compulsadas ou cotexadas de nóminas mensuais do traballador dos catro primeiros meses coa acreditación do pago.*
- *Orixinais ou copias compulsadas ou cotexadas de boletíns de cotización á seguridade social modelos TC1 e TC2, pagados.*
- *Orixinais ou copias compulsadas ou cotexadas do impreso da liquidación nominal do Modelo 111 do IRPF, pagados.*
- *Declaración responsable de non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.(Anexo X).*
- *Declaración responsable de non ter concedida nin solicitada ningunha outra axuda para o mesmo fin. (Anexo X).*
- *Acreditar, mediante Certificacións expedidas o efecto polos organismos correspondentes, de estar o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e CCAA),Seguridade Social e Deputación Provincial.*

Outórgaselle un prazo de 10 días para súa contestación. Así mesmo, infórmaselles que de no achegarse a documentación producirase a extinción do dereito ó gozo da subvención e iniciárase o procedemento de reintegro. As entidade recibe dita notificación con data 20 de xuño de 2016.

Considerando que con posterioridade a esa data, a entidade presenta documentación incompleta ao non acreditar:

- *Xustificantes de pagos da Seguridade Social de parte dos meses do período subvencionado.*
- *Xustificantes de pagos do M111 dos trimestres do período subvencionado.*
- *Certificado de non ter débedas coa Axencia tributaria.*

Considerando que con data 16 de setembro de 2016 a entidade beneficiaria asina renuncia á subvención outorgada, comunicando posteriormente que a entidade pecha o negocio. Dende este servizo continúaase coa tramitación do expediente para o pago das cantidades subvencionables, proporcionais o gasto do período, dos gastos laborais atendendo aos antecedentes no programa ata esta data.

Considerando que a vista que a entidade beneficiaria non pode presentar a documentación relacionada no informe no punto Quinto.- e en base o incumprimento do artigo 33.1 b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, da Base 15 do Programas Ben Empregado II, e de acordo o procedemento contido no título VI, Capítulo II da Lei 30/1992 de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común, acórdase con data 22 de outubro de 2018 por resolución de presidencia o seguinte:

- 1. O inicio do procedemento de reintegro.*
- 2. O nomeamento do órgano instructor a Dña. Julia Vázquez Silvarrey*
- 3. A apertura do trámite de audiencia ao interesado, dentro do cal porase de manifesto o contido do expediente elaborado pola Área de Promoción Económica, para que no prazo dos 15 días hábiles seguintes a recepción da notificación do presente acordo, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.*

Considerando que remítese dende a Deputación de Lugo notificación a entidade mencionada, abríndose un prazo de 15 días hábiles dende a súa recepción para alegar ou presentar documentación que a entidade estime pertinente. A data de recepción da entidade foi o 2 de novembro de 2018.

Considerando que con data 19 de novembro de 2018, dentro do prazo de alegacións, a entidade 1333/2015 Supermercado Las Catedrales SL, presenta escrito no que relaciona temporalmente a documentación presentada. No mesmo escrito reconece que segue a ter débedas coa Axencia Tributaria.

Considerando que unha vez constatado polo órgano instructor o incumprimento por parte da entidade beneficiaria do establecido nas Bases do Programa Ben Empregado II e atendendo ó artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións no que se especifican as causas de reintegro, concretamente no punto 1.c) “Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 desta lei, e no seu caso, nas normas reguladoras da subvención”, a Instrutora do expediente propón con data 27 de novembro de 2018:

- Extinción do dereito ó goce da subvención polo incumprimento das obrigas de entregar á Deputación de Lugo toda a documentación requirida nas bases e atendendo ó artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións no que se especifican as causas de reintegro, concretamente no punto 1.c) “Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 desta lei, e no seu caso, nas normas reguladoras da subvención”.
- Reintegro da cantidade anticipadas segundo se recolle no seguinte cadro, cantidade que se terá en conta para o cálculo dos xuros de demora:

EXPEDIENTE	ENTIDADE	TOTAL ANTICIPADO
1333/2015	Supermercado Las Catedrales SL	5.400,00€

Por todo o anterior, proponse á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

- Extinción do dereito ó goce da subvención polo incumprimento das obrigas de entregar á Deputación de Lugo toda a documentación requirida nas bases e atendendo ó artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións no que se especifican as causas de reintegro, concretamente no punto 1.c) “Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 desta lei, e no seu caso, nas normas reguladoras da subvención”.
- Reintegro da cantidade anticipadas segundo se recolle no seguinte cadro, cantidade que se terá en conta para o cálculo dos xuros de demora:

EXPEDIENTE	ENTIDADE	TOTAL ANTICIPADO
1333/2015	Supermercado Las Catedrales SL	5.400,00€

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RESOLUCIÓN DA FASE I DO PROGRAMA TECENDO EMPREGO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Tendo en conta que con data 8 de outubro de 2018 apróbanse en Xunta de Goberno as bases que regulan o Programa Tecendo Emprego.

Considerando que o extracto da convocatoria e as bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) N° 239 do 18 de outubro de 2018.

Tendo en conta que foron recibidas 41 solicitudes con cargo a este programa, realizouse un estudio previo das mesmas polo persoal da Unidade de Emprego. Estas subvencións foron baremadas partindo dos criterios xerais establecidos na Base 7 “ selección de Entidades Beneficiarias”.

Considerando que a concesión das subvencións e contía das mesmas rexeuse por orde decrecente de acordo a valoración na puntuación das memorias presentadas e a contía da subvención solicitada, tendo en conta a ponderación que se lles atribuíu, e pola dotación económica da convocatoria.

Debido á falta de solicitudes non se esgotou o crédito orzamentario comprometido, quedando da seguinte maneira:

TIPOLOXIA DE GASTO	TOTAL	2018	2020
<i>Plan de fomento do emprego</i>	<i>1.700.000 €</i>	<i>850.000 €</i>	<i>850.000 €</i>
<i>Plan de sensibilización e divulgación</i>	<i>20.000 €</i>	<i>20.000€</i>	
TOTAL	1.720.000€	870.000 €	850.000€

TIPOLOXIA DE GASTO	TOTAL	2018	2020
<i>Plan de fomento do emprego</i>	<i>952.049,72€</i>	<i>476.024,86 €</i>	<i>476.024,86 €</i>
<i>Plan de sensibilización e divulgación</i>	<i>20.000 €</i>	<i>20.000€</i>	
TOTAL	972.049,72€	496.024,86 €	476.024,86 €

Tendo en conta que as listaxes provisionais de entidades beneficiarias, excluídas e perfís, foron publicadas no taboleiro electrónico, abrindo desde este momento un prazo de 5 días hábiles para presentar a documentación incluída na declaración responsable do Anexo IV, sendo a seguinte:

- 1. Cartón de identificación fiscal (persoa xurídica) ou NIF (persoa física)*
- 2. Alta no imposto de actividades económicas, ou si é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Modelo 036) ou declaración responsable de non estar obrigado.*
- 3. Representación da entidade solicitante a efectos da subvención. Poderá xustificarse co certificado do secretario da entidade, co visto e prace do seu presidente, en vigor, en que se faga constar a data de nomeamento do representante da entidade, nome, apelidos e o número de documento de identidade.*
- 4. Escritura de constitución e estatutos debidamente inscritos no rexistro correspondente, debendo quedar acreditada, de ser o caso, a súa condición de entidade sen ánimo de lucro.*

Considerando que pasado o prazo citado no apartado anterior, para que as entidades beneficiarias presenten a documentación, o equipo técnico da Unidade tramitadora revisa a

documentación presentada e a Comisión de valoración reúnese o día 13 de decembro de 2018 , para tomar acordos para a proposta da aprobación definitiva. (Achegase acordo).

Tendo en cota que as empresas beneficiarias entregaron a documentación requirida en forma e prazo, segundo o establecido no Artigo 7 do Programa Tecendo Emprego.

Considerando que os expedientes das devanditas subvencións adecúanse ás bases para a concesión de subvención en réxime de concorrència competitiva, para o Programa de Tecendo Emprego, publicado no BOP de 18 de outubro de 2018 N° 239, e aprobadas en Xunta de Goberno de 8 de outubro de 2018.

Segundo os datos que obran nesta entidade, os beneficiarios das subvencións reúnen tódolos requisitos para optar a estas, nos expedientes pertencentes aos beneficiarios das subvencións, consta declaración responsable dos mesmos, de non estar incurso nas prohibicións para obter as condicións de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións así coma certificados positivos de estar o corrente coa Xunta de Galicia, Axencia tributaria estatal ,Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social e declaración responsable de cumprimento do réxime de mínimos.

Tendo en conta que na elaboración das bases do programa tívose en conta o convenio estatal de acción e intermediación social, para o calculo dos topes máximos, este recolle grupos profesionais os cales agrupan os traballadores atendendo as súas aptitudes profesionais e a titulación requirida para o desempeño do posto. Polo tanto a hora de establecer os topes máximos subvencionables atendeuse a titulación reflexada nas solicitudes e por ende os grupos de cotización regulados no estatuto básico dos traballadores.

Por todo o anterior, proponse á Xunta De Goberno:

1º.- Aprobar, nos seus termos as propostas efectuadas pola Comisión de Valoración na súa reunión do 13 de decembro de 2018.

2º.- Aprobar a relación definitiva das entidades beneficiarias que entregaron a documentación requirida en forma e prazo, entidades excluídas e listaxe de perfís, segundo o establecido na Artigo 8 do Programa Tecendo Emprego, e que se proceda a súa publicación segundo o previsto nas citadas bases. Ditos expedientes reúnen tódolos requisitos e adecúanse ás bases para a concesión da subvención en réxime de concorrência competitiva, constando nos mesmos declaración responsable, de non estar incurso nas prohibicións para obter as condicións de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións así coma certificados positivos de estar o corrente coa Xunta de Galicia, Axencia tributaria estatal , Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social e declaración responsable de cumprimento do réxime de mínimos.

3º.- O importe total ascende a 972.049,72 € durante as anualidades 2018 e 2020

TIPOLOXIA DE GASTO	TOTAL	2018	2020
Plan de fomento do emprego	952.049,72€	476.024,86 €	476.024,86 €
Plan de sensibilización e divulgación	20.000 €	20.000€	
TOTAL	972.049,72€	496.024,86 €	476.024,86 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN E COMPLEMENTO DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO COMO RESULTADO DAS RECLAMACIÓNS DE PARTICULARES COMPARECENTES EN DIVERSOS EXPEDIENTES EXPROPIATORIOS.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, do seguinte teor:

“Proponse a adopción do seguinte acordo:



Obra: CASTROVERDE.- C.P. “De Souto de Torres a Sobrado, do P.Q. 0,000 ao 2,280”.

Con base no informe do director técnico da obra, aprobar a afección e a folia de aprecio da finca que a continuación se describe, e asemade, proceder a súa consignación na Caixa de Depósitos da Tesourería Provincial:

FINCA 42			
Ref. catastral: pol 105, parcela 148			
Titular: Francisco Javier Castedo Álvarez e Isabel Ruíz Sánchez			
UD	BENS	EUROS/UD	VALOR EUROS
273	m² de suelo rústico (prado)	3,00	819,00
6	ud. carballo xóven	15	90,00
15	ud. plantón de carballo	3,00	45,00
Suma:			954,00
Premio afección 5%:			47,70
TOTAL :			1.001,70

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presenta e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2017.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, do seguinte teor:

Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 29 de decembro de 2017, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2017, convocado, mediante anuncio publicado no *Boletín Oficial da*

Provincia de Lugo, núm.184, do venres 11 de agosto de 2017, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

2º.- Notificar este acordo ao beneficiario, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, fronte ao que se poderá interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a recepción da presente notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte a recepción da presente notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
CLUB MEDELA MTB.	RUTA MEDELA MTB	592
ASOC. XUVENIL NOV@S CHAIREG@S	CAMPIONATO DE FÚTBOL 7	431

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN CAUTELAR, FEITA POR DONA SANDRA DOCAMPO RAMOS, DA EXECUCIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 19 DE OUTUBRO DE 2018, POLA QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DE PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación do seguinte teor:

“Visto que, con data 10 de decembro do 2018, tivo entrada, no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo, un escrito presentado por Dona Sandra Docampo Ramos, formulando recurso de reposición contra o Acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, adoptado en sesión celebrada o 19 de outubro do 2018, polo que se

aprobaban as bases e convocatoria de provisión de postos de traballo da Deputación Provincial de Lugo.

A Convocatoria de provisión de determinados postos de traballo e as bases reguladoras do dito procedemento foron publicadas no BOP nº257, de 9 de novembro do 2018.

O dito Acordo da Xunta de Goberno foi obxecto de modificación e corrección de erros, en sesión celebrada o 26 de outubro do 2018 e foi publicado no BOP nº 269, de 23 de novembro do 2018.

No citado escrito a autora do recurso anuncia un novo recurso de reposición contra o Acordo de corrección de erros, de 26 de outubro, e solicita que se estime o recurso e que, en caso de non estimarse e de que non se anulen a convocatoria e as bases que a rexen, se acorde a suspensión da execución do dito acto ata que se resolvan os procesos xudiciais abertos relativos á Relación de Postos de Traballo da Entidade provincial.

Tomando en consideración o Informe do Servizo de Recursos Humanos, de 17 de decembro de 2018, no que se analiza a solicitude de suspensión e no que se conclúe que, feita unha ponderación entre o interese organizativo da Entidade de promover a cobertura definitiva de determinados postos de traballo e o interese particular da recorrente, non se observa a concorrencia das circunstancias descritas no artigo 117.2 da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que a Xunta de Goberno adopte a decisión de suspender a execución do Acordo de convocatoria e aprobación das bases da provisión de postos de traballo, de 19 de outubro de 2018, en termos de que a execución do acto produza graves prexuízos de difícil ou imposible reparación aos posibles empregados prexudicados e, concretamente, a Dona Sandra Docampo Ramos.

Tendo en conta a regulación da suspensión da execución dos actos administrativos, que está recollida no artigo 117 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas; e as consecuencias xurídicas que nel se recollen, no suposto de non adoptar resolución expresa, no prazo establecido.

Considerando que, dende un punto de vista organizativo, a prolongación da situación de provisionalidade na cobertura dos postos afectados pola convocatoria de provisión, á espera de que se resolvan os preitos formulados, pode supor un prexuízo grave para o interese da Entidade Provincial, xa que se prolongarían situacións de provisionalidade na cobertura das necesidades de atender as funcións dos postos cuxa cobertura definitiva se promove con este procedemento, máis alá do prazo legalmente establecido e que os dereitos económicos derivados das reclamacións formuladas, de ser estimadas, en sentenza firme, non teñen dificultade en ser perfeccionadas e concretadas, atendendo á solvencia económica da Deputación provincial de Lugo, pois poderían ser atendidas no prazo de catro anos dende que a débeda puidese ser esixida sen que se producise prescrición.

Entendendo que non se produce unha situación que impida, de executarse o acto sobre o que se pretende a suspensión, unha execución posterior con plena compensación do presunto dano inflixido por non agardar á resolución das reclamacións e demandas formuladas e que non estamos en presenza dunha situación impeditiva ou gravemente obstaculizante do goce dun dereito ata o punto de que unha hipotética sentenza futura estimatoria do recurso en favor da reclamante, que hoxe pretende a suspensión desta convocatoria, resultara inútil de non accederse á súa petición de suspensión.

En consideración a canto antecede, propono que pola Xunta de Goberno, en uso das atribucións que lle confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o Regulamento Orgánico da Deputación provincial de Lugo, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Desestimar a petición de suspensión de execución, formulada por Dona Sandra Docampo Ramos, en escrito de recurso de reposición fronte o do Acordo de convocatoria e aprobación das bases da provisión de postos de traballo, de 19 de outubro de 2018, sen prexuízo de que se siga o trámite do recurso de reposición e se dite, no seu día, resolución sobre o fondo do asunto.

2º.- Notificar o dito Acordo de desestimación da petición de suspensión da execución do dito acordo, no prazo previsto no artigo 117.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Comúns das Administracións Públicas”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 276/2018-2P.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 276/2018-2P, interposto por Dona Carmen Tuñas Dugol, fronte á aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo da Deputación, publicada no BOP de Lugo nº 190 de 20 de agosto de 2018, no referente exclusivamente á valoración na fixación do nivel de complemento de destino do posto de traballo de “Xefatura de Sección de Tesouraría”; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

17.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 280-2018-L.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 280/2018-L, interposto por Don Germán Carnero Pérez, fronte á desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polos danos sufridos nun accidente de circulación o día 13 de setembro de 2016 na estrada LU-P-2901, P.K. 35,40, debido a unha

substancia deslizante na dita estrada; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

18.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 296/2018-F.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 296/2018-F, interposto por Don Miguel Ángel Balseiro Orosa, fronte á desestimación presunta do recurso de reposición interposto contra a resolución de data 23 de outubro de 2018 ditada no expediente Acumulación de Débitos; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

19.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.



20.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.